

DIVULGACIÓN NA EXTENSIÓN PROFESIONAL. O EXEMPLO DO SERVIZO DE EXTENSIÓN AGRARIA EN GALIZA

Antonio Oca Fernández

10.17075/isdcg.2016.003

UN POUCO DE HISTORIA

No mes de setem bro de 1955 foi creado con carácter experimental «El Servicio de Extensión Agraria» (SEA) polo entón ministro de Agricultura, Sr. Cavestany, dependente da «Dirección General de Coordinación, Crédito y Capacitación Agrícola». En 1954, unha misión impulsada pola FAO, OECE (máis tarde OCDE) e outras Axencias, elaboran un estudo sobre os servizos públicos de asesoramento aos agricultores españois. Este informe (Layne R Beaty) pon de manifesto a carencia destes organismos en España a diferenza doutros estados europeos. Partindo deste estudo, a Axencia de Cooperación Internacional de Washington preséntalle (Fossum) ao ministro Cabestany o funcionamento da extensión agraria cooperativa en EE.UU.

En decembro do mesmo ano, anúnciase a convocatoria das primeiras oposicións para acceder ao curso de formación de «Agentes y Ayudantes» do SEA. Os requisitos esixidos eran o de ser español, entre 23 e 40 anos de idade, co servizo militar cumprido e non padecer ningunha minusvalía física. Este curso de formación desenvolveuse na granxa escola «El Encín» (Alcalá de Henares) dependente do «Instituto Nacional de Investigaciones Agronómicas» (INIA) que cedeu ao SEA para este fin. Neste acordo INIA - Instituto of International Education estableceuse que dous expertos extensionistas norteamericanos (Srs. Apodaca e Tejada) formasen os primeiros extensionistas españois. Ata a creación en 1970 da Escola Central de Capacitación Agraria (CENCA) en San Fernando de Henares, os cursos de formación de extensionistas impartíronse na mencionada granxa escola «El Encín».

A creación de Axencias Comarcais do SEA foi continua: 44 en 1957, 85 en 1959, 135 en 1961, ata totalizar 750 en 1975. A Axencia Comarcal de Negreira é a nº 1 do Estado. No momento da transferencia á Xunta, en 1982, en Galiza había: 68 Axencias Comarcais, 4 Escolas de Capacitación Agraria, 14 Centros de Capacitación Agraria (CECA), 4 Axencias provinciais e 1 Centro Rexional de Extensión e Capacitación Agraria.

No ano 1960, o SEA crea a escala de «Agentes de Economía Doméstica» co fin de traballar coas mulleres rurais na solución de problemas que permitisen unha alimentación equilibrada aos membros da familia, con especial interese nos nenos e maiores, na mellora da vivenda e na racionalización e reparto das tarefas do fogar-explotación. O acceso a esta escala requiría ter o curso de Economía Doméstica, e para poder realizalo tiñase que dispor do título de: Instrutora Rural, Mestras, Asistentas Sociais e outras titulacións relacionadas co seus cometidos. O traballo realizado por estas compañeiras foi excepcional e permitiu ter influencia sobre o conxunto dos membros da familia á hora de tomar decisións que mellorasen a súa calidade de vida.

Unha vez superadas as oposicións, recibían un curso de formación, 4 meses en réxime de internado na mesma escola do «El Encín», e a partir de 1970 na CENCA de San Fernando de Henares, onde recibían unha formación en teoría extensionista, comunicación, e metodoloxía de traballo semellante á dos axentes do SEA.

O SEA, a partir de 1974, deixou de ser exclusivo para homes, dando entrada nesta escala ás mulleres que posúisen a titulación mínima esixida: Enxeñaría Técnica Agrícola ou de Montes. O ano 1971 créase a escala de Monitores do SEA, formada fundamentalmente por capataces agrícolas que superaban o concurso oposición e o curso de formación, no que aprendían coñecemento sobre pedagogía (Dalton Plan «aprenderfacendo»), socioloxía, comunicación e técnicas agropecuarias. Esta escala foi fundamental para desenvolver a formación tecnolóxica nos CECAs comarcais, postos en funcionamento polo SEA (1972) previo acordo co Ministerio de Educación.

Ademais das mencionadas, no Centro Rexional existían as seguintes escalas: enxeñeiros agrónomos, técnicos (veterinarios) e axentes especialistas en distintas orientacións produtivas: gandería bovina de leite e carne, gandería sen terra, horticultura, xestión de explotacións, xuventudes, viticultura, enoloxía e recursos extra agrarios, creada en 1981, co fin de recuperar actividades tradicionais de artesanía (cestería, teares e tintes naturais, cerámica etc.) Esta especialidade estaba adscrita á escala de Axentes de ED. Os técnicos e especialistas estaban en contacto permanente co INIA e con outros centros de investigación agraria europeos. Eranos encargados de manter unha actualización técnica sobre os extensionistas que realizabamos o traballo nas Axencias Comarcais, Escolas de Capacitación Agraria e CECAs.

Esta variedade de escalas e de titulacións académicas dos extensionistas non deu lugar a que se establecesen compartimentos estancos. O SEA realizaba o seu cometido: *Lograr que os agricultores melloren o seu nivel*

de vida aproveitando mellor os seus recursos como un todo. ¿Como era posible? Por dous motivos: Todas e todos recibíramos un proceso de formación común na teoría extensionista e todos e todas eramos conscientes que os e as protagonistas dos procesos do cambio e modernización dos seus sistemas de produción eran os agricultores e as agricultoras.

Contexto socio económico do estado a finais dos cincuenta

Ao rematar a guerra española en abril de 1939, só pasan catro meses para que dea comezo a 2ª guerra mundial, na que España permanece neutral, a pesar da simpatía dos franquistas polos réximes nazi-feixistas de Hitler e Musolini xa que os axudaron dunha maneira decisiva a derrotar as forzas militares leais á 2ª República.

Rematada a contenda, a acabada de crear ONU recomenda a retirada das misións diplomáticas do Estado español polo seu colaboracionismo cos réximes nazi-feixistas. Esta situación de illamento pon ao descuberto a incapacidade da produción autóctona de alimentos para satisfacer a demanda interna. Son os anos da fame e dun racionamento alimentario moi duro, compensado en parte polo envío de trigo e carne desde a República Arxentina.

A política agraria d'eses anos vólvese autárquica e de rutina porque España carece dos factores de produción que lle permitira a modernización do sistema agropecuario. Esta situación empeza a mudar no ano 1950, debido ao enfrontamento dos dous bloques dominantes, soviético e norteamericano (guerra fría) e remata en febreiro de 1955 co ingreso na ONU. España recibe un préstamo importante dos EE.UU, como compensación ao establecemento de bases militares no noso país.

D. Rafael Cabestany foi ministro de Agricultura desde 1951 a 1957. Este enxeñeiro agrónomo, que exercía de empresario agrario, coidaba que a mellor reforma agraria era a modernización da agricultura. Promulgou leis que foron decisivas para o desenvolvemento agrario e algunhas delas seguen a ter vixencia: Lei de Fincas Manifestamente Mellorables, de Concentración Parcelaria, do Instituto de Colonización Agraria, do Plan Badajoz, dos Arrendamentos Rústicos, das Explotacións Exemplos e Certificadas etc. Foi un adiantado á súa época, rompeu co modelo de produción autárquica favorecendo a economía de mercado e os intercambios comerciais exteriores ao rebaixar os aranceis de forma considerable. Compre ter en conta que o Plan de Estabilización Monetaria é

de 1959 e os ministros liberalizadores do sistema económico, que poñen fin ao sistema intervencionista falanxista e dan comezo ao desenvolvemento económico franquista, chegan ao poder nos comezos dos anos sesenta. Son os tecnócratas, ligados ao Opus, apadriñados polo almirante Carrero Blanco (vicepresidente do Goberno).

A modernización da economía española, segundo a opinión do Sr. Tamames, tería producido unhas porcentaxes de paro moi elevadas, pero a masiva emigración aos países europeos, sobre todo da poboación rural, evitou esta lacra e foron unha fonte de envío de divisas que permitiron realizar o chamado «milagre español».

Neste contexto de «desruralización» nace o SEA. Desenvolve o seu cometido como Organismo Autónomo do Ministerio de Agricultura. Estrutúrase de forma descentralizada, aínda que mantén unha forte coherencia interna debido a unha formación común e ao emprego da mesma metodoloxía, tanto na planificación do traballo como na realización das actividades cos agricultores. Actúa como un servizo educativo que pretende cambios de actitude das familias agrarias mediante a motivación e a capacitación na solución dos seus problemas. Diciamos: *sen motivación non se quere, sen actitude non se pode e sen capacitación non se sabe*. Defíniamos que existía un problema cando unha familia agro-rural se atopaba nunha situación desfavorable «A» que era capaz de evolucionar a outra situación «B» menos desfavorable. Este cambio debía de realizarse coa participación activa dos implicados. *Traballamos cos agricultores, non para os agricultores*. O emprego dunha metodoloxía participativa foi o sinal de identidade máis sobresaínte do SEA. A misión era: *Que os agricultores acadasen un mellor nivel de vida mellorando a utilización dos seus recursos*.

DOUS MODELOS DE DESENVOLVER O TRABALLO DE EXTENSIÓN AGRARIA

1) Enfoque de transferencia de tecnoloxía

A teoría deste enfoque baséase no suposto de que as limitacións dos agricultores para introducir cambios innovadores nas explotacións é a carencia de coñecementos técnicos. *Non fan porque non saben*. Para superar esta situación, os extensionistas deben *informar* de novos xeitos de manexar a explotación e de técnicas de produción que a fan máis viable. Este proceso informativo realízase dun xeito alcanzable para os

agricultores, *divulgación*. Neste modelo, educar equi vale á transmisión de coñecementos aos agricultores para que resolvan problemas específicos no seu sistema produtivo.

Cadro 1.- Modelo de transferencia tecnolóxica

OBXECTIVO	Innovación técnica na agricultura
	Incremento das producións e das exportacións
MÉTODOS	Divulgación e información técnica
	Técnicas de persuasión
	Capacitación. Demostracións e asesoramento individual selectivo
EXTENSIONISTA	Técnico agropecuario. Apoio especializado
	Cualidades de asesor (sabe)
LIMITACIÓNS	As innovacións técnicas non son a única motivación dos agricultores
	Consegue os obxectivos cos agricultores emprendedores

2) Enfoque educativo integrado

Promover o protagonismo activo da poboación rural na mellora e modernización das explotacións e das zonas rurais é o obxectivo básico da Extensión educativa. Este modelo non centra a prioridade nas producións ou nas técnicas agrarias, *a prioridade son as agricultoras e agricultores, que son os e as que fan a agricultura, e a poboación rural que sofre un atraso relativo con a sociedade urbana.*

Neste método, as e os axentes teñen que gañar a confianza das agricultoras e agricultores. Para logralo, convocábanse reunións de presentación do SEA onde se explicaba o seu modo de traballo. Un comentario moi habitual era: «bo é, estes non ofrecen máis que consellos». Para empezar empregabamos metodoloxía de transferencia de tecnoloxía, loita contra pragas e enfermidades dos cultivos, fertilización racional, introdución de sementes e plantas de calidade, etc.

Unha vez gañada a confianza dos agricultores e agricultoras, o SEA empregaba o modelo descrito no cadro 2. Hai que ter en conta que sempre houbo unha mestura dos dous modelos, pero no traballo programado a metodoloxía empregada era a educativa. «Non me agasalles peixe, ensíname (apréndeme) a pescar».

Cadro 2.- Modelo de extensión educativa.

OBXECTIVO	Mellorar o nivel de vida
	Desenvolvemento (crecemento económico + cambio social)
	Prodúcense cambios na explotación, familia e comunidade
MÉTODOS	Técnicas de promoción e animación
	Dirixidos aos agricultores, familia e comunidade
	Métodos participativos
EXTENSIONISTA	Formación multidisciplinar (técnica, sociolóxica, económica)
	Cualidades de promotor-animador: sabe, fai saber, fai actuar
LIMITACIÓNS	Modelo típico de servizos públicos
	Como todo o proceso educativo, os resultados son exponenciais

Fonte: Gerardo L. García Fernández.

RECOÑECIMIENTO INTERNACIONAL DO LABO R DESENVOLVIDO POLO SEA

En 1968, a FAO realiza unha valoración das actividades realizadas polo SEA. Examina *in situ* os cursos de Formación de Axentes Comarcais de Extensión Agraria (EA), así como a programación das actividades desenvolvidas polas Axencias Comarcais e Escolas de Capacitación Agraria. Valoraron os obxectivos programados e o grao de cumprimento, así como a implicación dos agricultores e agricultoras na solución da súa problemática. O informe foi exhaustivo e detallaba a metodoloxía empregada. O ditame foi moi favorable e como resultado del estableceuse un acordo entre a Oficina de Cooperación Internacional (Ministerio de Asuntos Exteriores) e a Organización de Estados Americanos (OEA) no que se lle encargou ao SEA a formación dos axentes de EA dos países que formaban parte desta organización.

Os cursos impartíronse na CENCA e celebráronse en dúas quendas 1971/81 e 1990/2013. Tiñan unha duración de tres meses, en réxime de internado. A cada curso asistían extensionistas dos países centroamericanos, das Antillas (Repúblicas: Dominicana, Haití e Cuba) e de todos os países iberoamericanos de América do Sur. En 1983, asinouse un convenio bilateral con Ecuador para que o SEA formase a 60 extensionistas e fose asesorado o Goberno ecuatoriano para a implantación deste servizo público, do que carecía.

Nos primeiros anos da década dos sesenta, asinouse o acordo hispano-alemán coa finalidade de que anualmente un determinado número (igual) de extensionistas españois visitase en Alemaña Federal para coñecer os métodos e técnicas utilizados na mellora das explotacións agrarias e do medio rural. No mesmo tempo e con idéntico propósito, os alemáns visitaban España. Nestes intercambios participamos 600 extensionistas de cada un dos países. En 1980, asistín en Bonn e Düsseldorf a un curso que tiña como obxectivo coñecer a planificación do traballo de Extensión Agraria no Estado Federal e nos *länders* (estados federados). Coñecemos como se coordinaban as negociacións coa CEE, en concreto sobre o deseño e aplicación da Política Agraria Común (PAC) e a participación dos *länders*, por delegación do goberno central, cando se trataba de Directivas da CEE que afectaban especialmente a un ou varios *länders*.

Faltaban dous anos para que as competencias do SEA e os seus recursos humanos e materiais fosen transferidos polo Estado á Xunta de Galiza.

No 1980, asinouse o acordo de Cooperación Técnica entre o Goberno de España e o da República de Guinea Ecuatorial sobre extensión e capacitación agraria. Formáronse unha promoción de axentes de EA e unha de axentes de Economía Doméstica na CENCA e outra de Axentes Forestais na ECA de Cazorla (Jaen).

O CENTRO REXIONAL DE EXTENSIÓN E CAPACITACIÓN AGRARIA

O SEA com o Servizo Autónomo do Ministerio de Agricultura foi un organismo moi descentralizado, como xa dixemos, a Dirección Xeral de Extensión e Capacitación Agraria era a responsable dos cursos de Formación e Especialización das distintas escalas administrativas que integraban o SEA. Tamén estaban centralizadas as publicacións de «Hojas divulgadoras», películas, SEAF (artigos de interese publicados en medios estranxeiros) Informacións SEA. Fichas Técnicas, «Hojas de Economía Doméstica», Programa de radio «España Agrícola» (1966/80) etc. A partir de 1972, regularízase a elaboración desta información, «Normas sobre publicaciones», que faculta os Centros Rexionais a desenvolver estes medios de divulgación tanto internos como públicos.

O Centro Rexional (CR) de Extensión e Capacitación Agraria, nun principio chamado «Inspección Regional de EA» localizouse primeiro en Betanzos e na ECA de Guísamo (Bergondo) e a primeiros do ano 1971 en San Lázaro (Santiago de Compostela) no que fora lazareto e a parcela

anexa a el, de 7 Ha de superficie, cedida ao Estado para este fin pola Deputación da Coruña. O CR dependía directamente da DX de Extensión e Capacitación Agraria do Ministerio de Agricultura. Mantiña unha absoluta autonomía para planificar e dirixir o traballo das axencias comarcais e escolas de capacitación agraria. Contaba coas axencias provinciais e de zona que supervisaban as actividades de EA en cada provincia.

O Decreto 2684/1971 que reorganizaba o Ministerio de Agricultura non institucionalizaba as Axencias Provinciais, evitando que se integrasen nas Comisións Coordinadoras Provinciais, presididas polo Delegado do Ministerio. A integración realizouse como unha colaboración, sen ter dependencia xerárquica nin orgánica dos Delegados. Esta liberdade de actuación mantívose ata a transferencia á CA.

O director do CR, denominado Rexedor de Actividades, dispoñía dunha equipa de Técnicos e Axentes Especialistas que tiñan como función principal *elaborar a base técnica* para cada proxecto, coa finalidade de que os obxectivos formulados para resolver situacións non desexadas se puidesen acadar con certeza e viabilidade económica. Os técnicos e especialistas estaban en continua reciclaxe, mantendo contactos co INIA (Centro de Mabegondo) Universidade, Misión Biolóxica de Galiza, Aula Dei (Zaragoza) Aulas de viticultura e enoloxía do Instituto Politécnico de Madrid etc. Elaboraban fichas técnicas, follas divulgadoras, libros etc. que se editaban na pequena imprenta do CR. Organizaban cursos para manter actualizados nas evolucións das técnicas agropecuarias aos axentes comarcais de EA.

En 1981, o CR asina un convenio co Centro de TVE en Galiza para emitir semanalmente, os martes, un programa de divulgación de técnicas agrarias innovadoras que estaban a ser empregadas en explotacións da nosa contorna. Tiña unha duración de 30 minutos. O programa denominábase «O Agro» e era dirixido polo axente de EA D. Anxo Vázquez Pernas.

Cando empezou a emitir a TVG, asinouse un convenio Consellaría-TVG para seguir co programa, que pasaba a denominarse «TERRA». Vázquez Pernas seguiu a dirixilo ata a súa xubilación en 2011. Na TVG empezou a emitirse, co nome de «O AGRO», un informativo diario de 5 minutos de duración. Os programas seguen vixentes actualmente denominándose O AGRO (diario) e LABRANZA, que desde 1990 se emite os domingos. LABRANZA é o programa máis antigo da TVG e sempre gozou na súa franxa horaria da máxima audiencia. Todo un éxito dun programa ben feito sen grandes recursos.

No CR en 1983, sendo o seu director D. Ángel Rubín, dotouno dos medios necesarios para que se puidese producir vídeos que servían como material didáctico nos cursiños e especialmente nos cursos dirixidos ás

mozas/os que se incorporaban á explotación agraria e tamén naqueles que se formaban a Axentes de Substitución. Os temas eran variados: muxido, pastoreo racional, maquinaria, emprego correcto dos fitosanitarios, viticultura, enoloxía, manexo das vacas autóctonas en pastos de montaña, conservación das forraxes ensiladas, cultivos, horticultura e floricultura, aplicación da PAC en Galiza etc. Este material era producido polo citado Anxo Vázquez e polo cámara D. Jesús Rodríguez Casabiell.

En 1980, o CR logra que se autoricen encontros entre técnicos agrarios que desenvolven o seu traballo en Galiza con técnicos agrarios das rexións portuguesas de Trás-os-Montes, Entre Douro e Minho. O primeiro encontro ten lugar no pazo de Mariñán e o tema central trata sobre as repercusións que ocasionará a entrada na CEE de Portugal e España a esta Eurorrexión. Eses encontros serviron de base para que a partir de 1988 se desenvolvesen os programas Interreg (transfronteirizos) con fondos europeos.

O CR, Axencias Provinciais e Comarcais de EA así como as ECA (agás a de Benquerencia) foron transferidas á Xunta de Galiza polo Decreto de Presidencia 3318/1982 do 24 de xullo. No ano 2002, no DOG nº 41, publícase o Decreto 50/2002 do 14 de febreiro. Neste Decreto non se menciona para nada ao SEA nin ás Axencias Comarcais. Hai que entender que estas son substituídas polas «Oficinas Agrarias Comarcais».

O SEA desaparece por «omisión». Actualmente (2016), os agricultores seguen a dicir vou á «Axencia de Extensión Agraria» para que me axuden a cubrir papeis... Abandonouse o traballo de «promoción» e os axentes convertéronse en burócratas, iso si, moi eficientes e con exquisito trato cara aos agricultores. Afortunadamente, mentres queden persoas que foron formados como «EXTENSIONISTAS» a EA seguirá viva.

PROGRAMACION DO TRABALLO NAS AXENCIAS COMARCAIS DE EA

As Axencias de EA asentábanse nas vilas que eran cabeceira de comarca e comprendían varios concellos. Entre as características do SEA estaba a obrigatoriedade de que os e as axentes fixasen a súa residencia no mesmo lugar onde a oficina tiña o seu domicilio. Era a primeira vez que isto sucedía xa que outros servizos, como os funcionarios de concentración parcelaria, residían na capital da provincia. Esta proximidade e accesibilidade favorecía moito a empatía entre a poboación rural e os axentes.

O horario de oficina era partido, de mañá e tarde, os axentes tiñamos flexibilidade horaria debido a que moitas das actividades (cursiños, faladoiros informativos, reunións de grupo) se adaptaban ao horario de dispoñibilidade dos agricultores e se celebraban pola noite. O traballo realizábase onde se atopaban os agricultores, agás os días de feira ou mercado nos que as visitas á «oficina» eran moi numerosas. Nos locais das axencias comarcais non existían «mostradores» e na porta un rótulo que dicía «PASE SEN CHAMAR».

Outra das características do SEA era a grande autonomía que tiñan as Axencias Comarcais para desenvolver as súas actividades, aínda que todas estaban obrigadas a planificar o seu traballo, entre outras cousas, para que este puidese ser avaliado. A filosofía de EA baseábase en axudarlle aos agricultores e ás agricultoras a resolver aquelas situacións desfavorables (problemas) que lles impedían o seu desenvolvemento socioeconómico.

Pola natureza destes problemas, xuntábanse en catro liñas de traballo: *I- Problemas de Explotación. II- Problemas de Familia. III- Problemas de Xuventude. IV- Problemas de Comunidade.* Para determinar esta problemática, cada Axencia realizaba o primeiro documento no que se baseaba a programación, na lingua xe extensionista, denominábase *Estudo de comarca*. Nel escollíanse os problemas e xuntábanse por liñas de actuación determinando a prioridade de tratalos seguindo criterios establecidos. No *Programa de traballo* recollíanse os problemas seleccionados e a base técnica que garantía a súa correcta solución. Por último elaborábase o *Plan anual* no que se explicitaban os proxectos de cada Liña de traballo, cos obxectivos ben definidos, cuantificados e xustificados, así como o calendario de actividades para acadalos.

Estudo de comarca

Este documento esixía a súa permanente actualización, debía darnos coñecementos básicos sobre as seguintes situacións:

1.- O medio físico

1.1 Factor xeográfico: Situación xeográfica (plano rexional). Caracteres orográficos, hidrográficos, extensión por sectores produtivos.

1.2 Factor solo: Formación e tipos xeolóxicos comarcais. Caracteres edafolóxicos e relación coa planta. Análise físico-química dos tipos de solo. Factores limitantes para as terras de cultivo.

1.3 Factor climático: Régime termométrico. Integral térmica. Período de xeadas. Régime pluviométrico distribución das chuvias. Ventos dominantes á súa intensidade.

1.4 Factor ecolóxico, vexetal e animal.

1.5 Factor hidrolóxico: Caracteres hidrolóxicos. Augas superficiais (fontes) e riqueza freática. Calidade das augas para o rego

2.- O medio viario

3.- O medio social

3.1.- Factor demográfico: Dispersión, nº de núcleos, casas illadas. Poboación por actividade económica, idades e sexo. Estudo demográfico da poboación agraria: propietarios, cultivadores directos, arrendatarios e parceiros. Obreiros fixos e eventuais. Subemprego da poboación agraria

3.2.- Factor sociolóxico: Estrutura social. Movimentos migratorios. Familia e fogar

3.3.- Factor cultural: Ensinanza primaria, secundaria e profesional. Porcentaxe de analfabetos. Centros ou asociacións culturais. Análise do tempo libre no sector agrario

3.4.- Factor sanitario: Condicións sanitarias dos núcleos de poboación: Auga corrente. Rede de sumidoiros. Rúas afirmadas. Asistencia sanitaria. Enfermidades dominantes. Zoonoses transmisibles

3.5.- Factor económico: Renda total, *per capita* e por sectores de produción. Análise do nivel de vida no sector agrario (porcentaxe de vivendas con lavadora, frigorífico, TV).

4.- O medio político

4.1.- Dependencias administrativas

4.2.- Factor histórico: Evolución económica. Feiras e mercados locais e a súa evolución

5.- O medio agrario

5.1.- Factor agro-xurídico: Nº de explotacións, parcelamento e unidade mínima de cultivo. Formas e contratos de explotación. Medidas usuais e a súa equivalencia co sistema métrico.

5.2.- Factor hidráulico: Superficie de regadío. Quendas da rega. Custo da auga de rega.

5.3.- Factor mecanización: Estudo da mecanización agraria. Agrupacións de utilización de maquinaria en común (CUMAs). Empresas de alugueiro de maquinaria e o seu custo horario.

5.4.- Factor cooperación: Movemento cooperativo agrario: de produción, abastecemento de *inputs* e comercialización. Sociedades Agrarias de Transformación (SAT), CUMAS. Etc.

5.5.- Factor fitotécnico e zootécnico: Estudo dos cultivos máis relevantes e conta de rendementos económicos. Variedades cultivadas.

Comercialización. Estudo da gandería por cada unha das especies existentes. Conta de rendementos económicos. Gandería ligada á terra. Carga gandeira óptima. Gandería sen terra e factores climáticos limitadores. Manexo dos esterco, etc.

6.- O medio forestal

6.1.- Estudo de cada unha das especies forestais dominantes na comarca

6.2.- Superficie de cada unha

6.3.- Viveiros públicos e privados

6.4.- Marcos de plantación segundo o seu aproveitamento

6.5.- Fertilización. Loita contra pragas e enfermidades. Mecanización forestal

6.6.- Estudo de cada un dos montes veciñais en mancomún e o seu aproveitamento agro-forestal. Organización dos veciños comuneiros (estatutos e ordenanzas). Modelo de contratos con terceiros para: convenios públicos e privados, instalacións eléctricas, mineiras e outros usos

6.7.- Fomento do asociacionismo forestal

Programa de traballo

A partir do Estudo de Comarca seleccionábanse os problemas agrupándoos por liñas de actuación e establecíase a prioridade de tratalos seguindo criterios coñecidos:

Como criterio xeral, *un problema non existía, para os extensionistas, mentres este non era sentido polos agricultores, ou no seu caso, pola comunidade rural*. Para sensibilizar as familias agrarias para que adoptasen unha actitude de cambio, organizábanse reunións informativas utilizando medios audiovisuais, visitas colectivas a comarcas que tiñan resolto ese problema. Utilizabamos, neste caso, metodoloxía de motivación para acción:

- Polo grao de sentimento dos agricultores
- Pola facilidade da súa solución
- Por ser «chave» para tratar outros problemas
- Por ser abordable mediante a mobilización dos propios recursos, entendendo estes dunha forma ampla, organización da base territorial mediante a solicitude da concentración parcelaria, capitalización das súas explotacións mediante a utilización do crédito oficial e privado

- Porque contase cun «obxectivo diámano» suficientemente amplo que permitise superar os factores limitadores da comercialización da produción, máis aló dos mercados locais. Pasar da autarquía á economía de mercado.

- Por dispor de base técnica suficientemente probada que permitise a solución do problema. EA non experimentaba nin investigaba. Outra cousa é que, en colaboración con o INIA, Universidade e casas comerciais, se establecese unha rede de campos de ensaio e xornadas de demostración e utilización de maquinaria.

Plan anual

Os plans anuais de traballo recollían os compromisos de actuación en cada liña de traballo: I- Explotacións, II- Familia, III- Xuventudes e IV- Desenvolvemento das comunidades. En cada liña, establecíanse os distintos proxectos cos obxectivos e o seu correspondente calendario de actividades: reunións, visitas colectivas, cursiños, etc. As actividades debían ser suficientes, en cantidade e calidade, para que lles permitise aos agricultores acadar os obxectivos sinalados.

Cómpre aclarar que, a partir de 1970, a forma de realizar a planificación do traballo mudou dun xeito substancial. Nese ano, entraron a traballar no SEA catro sociólogos e un economista. Entre os sociólogos estaban Carlos Romero Herrera, mais tarde ministro de Agricultura (1982/91) e Ramón Muñiz de las Cuevas, que desenvolveu o seu traballo no CR de Galiza.

Os axentes de EA cambiaron a forma de programar o traballo. Pasouse de informar os agricultores dos obxectivos proxectados, para realizala coa participación activa deles. Para logralo, recibimos unha ampla formación teórico-práctica sobre dinámica de grupos. Cada axencia comarcal empezou a organizar *grupos de acción e discusión* coa finalidade de que fosen eles os que determinasen os obxectivos de cada proxecto. Esta nova forma de traballar permitíunos «descubrir» os líderes que foron fundamentais para vencer a resistencia ao cambio e romper co, moitas veces paralizante, control social.

Liña I. Exemplo da planificación do traballo coas explotacións agrarias

As explotacións agrupábanse en varios conxuntos homoxéneos, segundo dous indicadores:

1º Pola Orientación Produtiva (OP)(vacún de leite, de carne, horta, vitícolas, cultivos herbáceos, cultivos de froita etc).

2º Pola Dimensión da súa Base Territorial.

O factor limitador da maioría das explotacións para acadar a viabilidade económica, segundo a súa OP, era a pequena Superficie Agrícola Útil (SAU) que xestionaban. Pola contra, non se consideraba determinante, para non incluíla no mesmo conxunto, que tivese un sistema de produción máis ou menos atrasado xa que, se potencialmente posuía os mesmos recursos, nada lle impedía emprender o proceso de cambio que outras tiñan realizado.

No 1972, unha explotación considerábase viable se era capaz de retribuír, co salario mínimo interprofesional, as Unidades de Traballo Familiar (UTF) que se dedicaban a tempo completo a coidar da explotación.

Como exemplo do grao do incremento da dimensión do sistema de produción que tiveron que afrontar as explotacións leiteiras para manter a súa viabilidade, pódenos valer a seguinte referencia:

En 1981 o BOE publica «El Reglamento Estructural de la Producción de Leche» (REPL). Consideraba que unha explotación leiteira (Granjas de Producción Lechera) era viable, si polo menos contaba con 10 vacas de muxir, producía 30 000 litros/ano, tiña equipo de muxir mecánico e posuía tanque de frío. Para acadar esta esixencia establecéronse liñas de crédito oficial que facilitaba a capitalización das explotacións.

Actualmente, con sistemas de produción de baixo custo, para retribuír co mesmo criterio a 1,5 UTF, teríase que producir por riba dos 350 000 l/ano. Con vacas de 10 000 l/ano necesítanse 35 vacas/explotación.

Por cada conxunto homoxéneo de explotacións, as axencias comarcais organizaban grupos de traballo, con reunións específicas mensuais, nas que se analizaba e actualizában os obxectivos programados. Destes grupos xurdiron os Seminarios de Xestión de Explotacións (SEGE) que, partindo dunha sinxela contabilidade, permitían facer a súa análise de resultados técnico-económicos, tanto vertical (comparando a súa evolución consigo mesma) como de grupo.

Na análise de grupo, ordenábanse as explotacións en tres categorías: cabeza (25%), media (50%) e cola (25%) segundo o índice escollido. Agrupábanse segundo a Marxe Neta das explotacións (MN/Explot.) ou pola MN/l, MN/UTH, MN/Ha, MN/Vaca. O índice escollido dependía dos factores de produción que se quixesen analizar en cada sistema de produción.

Este método permitíalles ás explotacións, de media e cola, seguir a evolución das de cabeza. Para mellorar os resultados do grupo de cabeza, ademais da análise vertical, seguíanse a metodoloxía da «horqui lla» que facilitaba simular como a introdución de variacións dun ou varios factores

alteraban os resultados económicos do conxunto do sistema produtivo. Exemplo: aumentar o nº de vacas do rabaño podía resultar negativo debido a que a MN/litro diminuía o suficiente para repercutir negativamente na MN da explotación.

Os SEGEs, xunto co grupo de explotacións leiteiras que realizaran plans de mellora dirixi dos pola Axencia de Desenvolvemento Gandeiro, constituíron en 1987 a Asociación de Xestión de Explotacións dependente da Consellaría do MR (AXE-00) que editou ata 2013, baixo a dirección de D. Fernando Barbeyto Nistal os resultados dos técnico-económicos da análise de grupo de máis de 300 explotacións.

Xestionar unha explotación é tomar decisións. Se estas están baseadas en «datos certos», o risco de equivocarse minimízase. As explotacións leiteiras familiares, na actualidade, son pequenas empresas que requiren unha complexa xestión.

Os fondos europeos subvencionan a creación e funcionamento de AXEs nas distintas orientacións produtivas das explotacións. As cooperativas e organizacións profesionais agrarias son actualmente as titulares das AXEs.

Os resultados do traballo do SEA coas explotacións teñen sido satisfactorios e moi valorados polos agricultores. Imos por algúns exemplos:

No ano 2000, 35.000 explotacións posuían cota para producir e comercializar 1,7 millóns de toneladas de leite, das cales máis de 15.000 tiñan realizado plans de mellora, baixo o asesoramento do SEA, que lles permitía cumprir coas esixencias, xa citadas, establecidas no REPL. A innovación neste tipo de explotacións foi constante, pasaron da alternativa a dúas mans (trigo-nabos-millo-patacas) a unha rotación de pradeiras artificiais e millo, conservación da forra xe en silos, construción de cortes, salas de muller, fosas de xurro. Mecanización individual ou en grupo, introdución das vacas frisoas, mellora continua da calidade e xenética do gando, etc.

En 1989, entrou en funcionamento o «Laboratorio Interprofesional Galego» (LIGAL) en Guísamo (Bergondo) para controlar a calidade hixiénica, sanitaria e nutricional do leite comercializado e dos queixos con DO. Nesta serie de anos, o leite de Galiza ten acreditado ser o de mellor calidade do producido no Estado.

Actualmente, marzo de 2016, 9.003 explotacións producen 2,6 millóns de t./ano, preto do 40% do leite producido no Estado. O desenvolvemento do sector produtor foi sobresaínte, non sucedendo igual co sector industrial. Esta situación, xunto a outras, ocasiona que o leite galego sexa o peor pagado.

O SEA asesorou as explotacións de gando vacún de carne: vaca-becerro-prado, baseándose na tecnoloxía desenvolvida no CIAM, onde cómpre salientar o traballo de D. Jaime Cereja e o seu equipo, que permite obter canais de excelente calidade minimizando a utilización de alimentos concentrados. Son máis de 12 000 explotacións con esta OP as que adoptaron este sistema de produción. Moitas delas con razas autóctonas: rubia galega e morenas do noroeste (cachena, vianesa, limiá e frieiresa).

En 1989, nunhas xornadas celebradas na ECA de Guisamo (Bergondo), por iniciativa de D. Maximino Viaño, sobre a necesidade de diferenciar a carne dos becerros criados e sacrificados en Galiza dos cebados noutras CC.AA., viñan sacrificarse aos matadoiros galegos para comercializalos como Carne de Galicia. Acordouse crear a marca de calidade «TerneiraGallega». Esta marca ten un crecemento espectacular sendo, máis tarde, recoñecida pola CEE como Indicación Xeográfica Protexida (IXP). Actualmente, comercializa 80.000 canais/ano. Dentro desta IXP, comercialízase, con selo diferenciado, a «Terneira Suprema» que está considerada como un produto «delicatessen».

Nas comarcas vitícolas, o SEA asesorou os agricultores na reconversión dos viñedos, recuperando as variedades autóctonas en cada unha das Denominacións de Orixe e de Viños da Terra. Impulsou a recuperación das plantacións en socalcos, na chamada viticultura heroica (Ribeira Sacra e Valdeorras). Impartiu un sistema de formación continua para modernizar as prácticas enolóxicas e impulsou o asociacionismo para a integración dos viticultores en adegas cooperativas.

Compre subliñar o traballo da Axencia Comarcal de EA de Valdeorras, onde os axentes D. Horacio Fernández Presa e D. José Luís Bartolomé, ademais de promoveren a recuperación da variedade godello (REVIVAL), en colaboración coa Facultade de Farmacia da USC, cultivaron lévedos autóctonos que permitiron recuperar o xenuíno aroma e sabor dos excelentes viños desta DO.

En horticultura, o SEA programou o traballo en Áreas Naturais de produción que agrupaban a varias Axencias Comarcais. En 1989, en Salceda de Caselas comeza as actividades a Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño. Cómpre destacar o labor do axente do SEA e director do centro D. José Manuel Rodríguez Bao que, polo método de selección masal, obtivo un pemento «tipo Padrón» que non pica. Esta variedade, denominada Entenza, está inscrita no rexistro de sementes e plantas de viveiro, dependente do Ministerio de Agricultura e autorizada a súa comercialización polo Consello da Xunta de marzo do 2000.

Na área do Baixo Miño, cómpre destacar os resultados acadados pola Axencia do Rosal (A Garda, Oia e O Rosal). Partindo dunha Demostración

de Resultados (1970) co Plántel de EA de Pancenteno (O Rosal), os cultivos forzados de horta e flor de senlvéronse rapidamente, igualmente sucedeu coas plantacións de kiwi. A comercialización estivo asegurada mediante as sociedades cooperativas e SATs promovidas pola Axencia: El Pilar, horta e flor, e Porta do Río Miño: horticultura, Reboullo e Baixo Miño: kiwi. Hoxe esta comarca constitúe a área máis extensa de Galiza en horta, flor e kiwi.

Tamén cómpre destacar o desenvolvemento da horticultura nas áreas de: Cambados, Ferrolterra (Cooperativa de Narón) Melide (Coop. Melisanto) Mariñas luguesas, con predominio de cultivos non forzados: cebola, coliflor tardía, repolo, pemento de Piñeira, que hoxe é unha variedade recoñecida e faba de Lourenzá que conta con DOP.

A promoción da apicultura polo SEA vén de vello. No ano 1966, na ECA de Monforte de Lemos, impártense os primeiros cursos para a formación dos extensionistas nesta materia. D. Amador Rodríguez Troncoso, ex director (Rexedor) do CR de EA, foi o mellor valedor para que o mel fose o primeiro alimento en acadar o recoñecemento de calidade diferenciada: «Produto de Calidade-Mel de Galicia» (Decreto 69/1988). Hoxe é recoñecido como IXP-Mel de Galicia. O traballo de investigación do profesor da Facultade de Farmacia da USC, D. José Francisco Huidobro Canales, resultaron determinantes para o recoñecemento europeo da calidade do mel producido en Galicia. Alemaña é o principal país importador do mel galego.

Galiza está a deixar de ser un país micófito, en parte, grazas á promoción no aproveitamento dos cogomelos que ten realizado o SEA. En 1964, no Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra), asisten a un curso sobre as posibilidades do aproveitamento dos cogomelos en Galiza varios axentes de EA, entre eles Constantino Mariño Torreira, que había pouco tempo abrira a oficina da Fonsagrada. En 1981, a Facultade de Farmacia da USC organiza a III Semana Micolóxica Galega na que os profesores D. Luís Freire e Dña. Marisa Castro, coa colaboración de Mariño, daquela na oficina comarcal de Foz, abren ao gran público a investigación e a divulgación científica da micoloxía. Os/as axentes de EA promocionaron de forma directa a creación de máis de 30 asociacións micolóxicas. En 2003, J. M. C. Marcote, M. Pose e J. M. Traba publican *Setas de Galicia*, editado pola Xunta, que está considerado como a «Biblia» da micoloxía galega.

Liña II: Traballo coas familias e mulleres rurais

Para chegar a todos os membros das familias agro-rurais, o SEA crea en 1960 a escala de Axentes de Economía Doméstica. A misión destas

compañeiras consistía en solucionar problemas coas labregas que afectaban á vivenda, alimentación familiar e reparto de tarefas na explotación. Ata entón, a única información e formación que recibían as mulleres rurais, fóra da idade escolar, era a que, de xeito esporádico, impartía a «Sección Femenina» por medio das denominadas «Cátedras Ambulantes». (A Sección Femenina formaba parte da «Falange Española y de la JONS»).

As axentes de ED tamén tiñan a obriga de fixar a súa residencia no lugar onde se situaba a oficina da axencia de EA, integráronse no equipo comarcal e programaban o traballo a partir do Estudo da Comarca, que se ampliou nos apartados que describían, o estado das vivendas, o equipamento familiar, os modelos de alimentación e o traballo da muller na explotación. As axentes destinadas en Galiza axiña descubriron que definir como «ama de casa» non deixaba de ser un eufemismo para referirse á muller labrega.

Recentemente, nunha entrevista para *Tempos Novos* (nº 224) feita a un gandeiro de Cabanas (A Baña) referíndose ao traballo que se realizaba na explotación familiar, despois da súa incorporación a ela (1973), dicía: «A explotación levábamola exclusivamente entre a miña muller e mais eu. Ela traballaba máis ca min, pois amais do traballo na explotación tiña que coidar da familia e así foi ata que se incorporou o fillo e contratamos os traballadores».

A programación das súas actividades foi, desde un principio, compartida pola mulleres e mozas rurais. Organizaban en cada parroquia un grupo de mulleres coas que analizaban os problemas que afectaban as familias nos proxectos antes citados.

No caso da alimentación, de forma xeral, observouse un baixo consumo de hortalizas, froitas, peixe e, en moitas zonas, de derivados lácteos. Para motivalas cara ao cambio da dieta, apoiábanse frecuentemente nos médicos da comarca que relacionaban a alimentación desequilibrada con problemas de saúde, especialmente nos nenos e nenas e nos maiores.

As axentes de ED, boas comunicadoras e que coidaban con detalle a preparación de cada reunión, procuraban utilizar unha linguaxe que fose comprensible para o grupo. A exposición ía sempre acompañada de axudas audiovisuais (diapositivas, franelógrafo, películas, vídeos, carteis, etc). Ao remataren, entregaban follas divulgadoras que resumían o tema tratado.

Seguindo co desenvolvemento deste proxecto, pódese observar como o «mellorar a calidade de vida aproveitando mellor os seus recursos» era algo máis que un slogan. Polos anos 60 e 70, a maioría dos fogares rurais carecían de frigorífico. Para poder dispor de hortalizas todo o ano, había que producilas e logo conservalas.

Cos «grupos de mulleres rurais» de señaban os hortos familiares: superficie e alternativa de cultivos. Establecían morteiros comunitarios, con cama quente e cultivos baixo túnel protexidos por láminas de polietileno. As plantas pasaban aos hortos e despois de ser aproveitadas as hortalizas en sazón, as colleitas sobrantes: xudías verdes, chícharos, tomates e pementos eran conservadas, en frascos de cristal con tapa hermética, despois de seren esterilizados ao baño de maría. En moitas comarcas, tamén se conservaba bonito (atún branco do norte) seguindo o mesmo método.

En colaboración cos médicos da comarca, impartiron faladoiros e cursiños sobre sanidade preventiva e educación sexual.

No proxecto de «Mellora da Vivenda Familiar», un dos obxectivos principais foi quitar da casa as coortes do gando, que xeralmente ocupaban parte dos baixos da vivenda, dotalas de servizos hixiánicos e dividir o sobrado en alcobas. Este proxecto gardaba relación directa co de «abastecemento de auga corrente ás vivendas» e en moitos casos coa rede de sumidoiros.

Como a muller labrega tiña o triplo papel; de coidar a familia, traballar na explotación, na maioría dos casos sendo a súa titular, e ser membro activo da comunidade, resultaba evidente que as actividades do SEA coas mulleres debían atender esta circunstancia. Os cursiños pasaron a ser mixtos, igual que os grupos de xestión das explotacións (SEGES). As mulleres eran moito mais coidadosas en levar as anotacións contables e de control técnico.

A modo de exemplo, pode servir o seguinte: nos primeiros tempos, os cursiños sobre muxido mecánico eran convocados para homes cando, na maioría dos casos, quen realizaba esta tarefa eran as mulleres.

Aínda que se tardou tempo en recoñecelo, a equipa da axencia debía ser multidisciplinar e tan importante era o traballo como axentes promotores de cambio dunha escala como a outra.

Liña III: Traballo coa xuventude rural

O traballo do SEA coa comunidade agro-rural empregaba a metodoloxía desenvolvida polos extensionistas norteamericanos (EE.UU.) nos clubs 4H (iniciais en inglés de: cabeza, mans, corazón e saúde). O lema era *Aprender facendo*, e empregábase un sistema de aprendizaxe baseado no «PlanDalton» (Deseñado por Helen Parkhurs a principios do século pasado).

Os mozos e mozas, despois de remataren a ensinanza obrigatoria e que permanecían nas explotacións familiares, eran invitados a formar parte do «Plantel de Extensión Agraria» que estivese máis próximo ao seu domicilio. Nos anos 60, os equipos discriminaban por xénero. Empezaban a

súa actividade en novem bro e remataban no mes de xuño, en horario vespertino. Había excepcións e algúns mantiñan actividade todo o ano.

A aprendizaxe consistía en que cada «traballador» descubriese un centro de interese ou tarefa que ía desenvolver na súa explotación familiar. Para executala, necesitaba formación teórica, que lle impartían os/as colaboradores do SEA, xeralmente mestres. A formación agropecuaria era impartida polos extensionistas e apoiábase no caderno «A súa explotación» que o/a alumno debía cumprir. Cando facían os 18 anos, as tarefas podían ter contido económico e requirían pequenos investimentos, para as que dispoñían de micro préstamos subvencionados.

Esta ensinanza non regradada foi moi ben acollida polos mozos/as e as súas familias. A finais dos anos setenta existían 170 «equipos» con máis de 3000 «traballadores». Cómpre destacar o labor cultural que tiveron estes centros, sirva como exemplo o «Plantel de EA de San Miguel de Reinante» (Barreiros), que contou cun grupo de teatro, que despois de actuar nas vilas da mariña acudiu ao festival de Ribadavia para representar *Os vellos non deben namorarse* (1974) e a *Fiesta Valdeira* (1975).

As ensinanzas regradadas impartíanse nas Escolas de Capacitación Agraria: Sergude (Boqueixón), Guísamo (Bergondo), Monforte de Lemos, Lourizán (Pontevedra) e a Granxa da Deputación (Ourense). Daquela aínda non se crearan as ECAs de Becerreá e Pedro Murias (Ribadeo). O título de capataz agrícola era expedido polo Ministerio de Agricultura.

A Lei xeral de Educación de 1970 modificou substancialmente o panorama escolar de Galiza. As escolas rurais foron substituídas por concentracións escolares situadas nas capitalidades dos concellos. Este cambio levou parello un notable aumento do fracaso escolar nos alumnos e alumnas das parroquias rurais.

Debido a esta situación, ao meu parecer, unha orde do Ministerio de abril de 1971 e o Decreto 379/72 de Presidencia do Goberno facultou ao Ministerio de Agricultura a impartir ensinanzas de Formación Profesional de 1º e 2º Grao na modalidade Agraria. Esta normativa permite ás axencias comarcais de EA crear os Centros de Capacitación Agraria (CECA). Estes centros, baixo a supervisión do Ministerio de Educación, que é quen expide os títulos, supervisa os programas e o equipo de profesorado.

Como xa dixen, o SEA crea a escala de Monitores de Extensión Agraria, que son o pilar para impartir as ensinanzas da área de tecnoloxía agraria xunto cos axentes de EA e das axentes de ED. Para o resto das materias, contrátanse profesores e profesoras que permitan completar o cadro de ensinantes esixido polo Ministerio de Educación.

Os CECAs fan prioritario a formación xeral co obxectivo de que as alumnas e alumnos poidan acadar, en exames *ex profeso*, o título de

Graduado Escolar. O éxito destes centros foi máis que aceptable, preto do 80% superaron este obxectivo no primeiro curso. No ano das transferencias do SEA á CA (1982) existían 14 CEAs con 770 alumnos, dos que 207 eran mozas. Nestas cifras non se contabilizan os matriculados nas ECAs.

No ano 1974, para facilitar a incorporación dos mozos e mozas (18-40anos) á explotación familiar, o MAPA estableceu créditos con xuros subvencionados e unha prima de primeira instalación, a fondo perdido, que no ano 1975 era de 250 000 pts. Nese tempo, un tractor de 90 cv custaba 300 000 pts. Para acceder a estes préstamos as mozas e mozos debían elaborar un «Plan de Mellora» que puxese polo miúdo os investimentos, financiamento e a evolución técnico-económica da explotación. Este estudo facíase co consello dos axentes do SEA e requiría un acordo familiar, onde lle cedía a xestión ou coxestión ao mozo e moza incorporado e se lle recoñecía a propiedade das melloras realizadas. Esta medida freou a continua fragmentación das explotacións familiares.

Outra esixencia era que as mozas e mozos incorporadas tivesen unha formación profesional acreditada, en caso contrario, estaban obrigados a realizar o «Curso de Formación Empresarial Agraria». Os cursos tiñan un contido segundo a OP da explotación (vacún de leite e de carne, horta-flor, vitivinicultura, ovino-cabrún, fruticultura). Impartíanse en cinco módulos e tiñan unha duración de 200 horas. A asistencia media era de 750 cursillistas/ano.

Nesa época, co mezarón a funcionar os «Planteles con Tarefa de Empresa». Os mozos e mozas incorporados organízanse en grupos, segundo a OP da explotación, analizan a problemática que afecta ao conxunto das explotacións e xorden os líderes que propoñen formar sociedades cooperativas para a súa solución. Son moitas as cooperativas que teñen a súa orixe nos equipos do SEA, entre elas: Chataca, hoxe Icos, Cogasar, Coelplan, Lemos, Xián, Fricoaga, Mopan, Codeira, O Caxigo, Os Irmandiños, Central de Frades, El Plan tel, Pico Sacro, Melisanto, O Val, Cusoviamé, O Rodo, Trasdeza, Coafor, Xuncoga (2º grao), Maceda, Hortoflor, etc.

Liña IV: Desenvolvemento comunitario

Galiza ten máis de 30 000 núcleos de poboación, preto do 50% dos do Estado, este xeito de asentamento contribúe a que moitos deles non contasen con servizos básicos. A mediados dos anos sesenta, sendo director xeral do SEA D. José García Gutiérrez, establece unha liña de axudas para que as comunidades rurais se organicen e realicen accións comunitarias que resolvan problemas que afectan o seu benestar colectivo.

A «filosofía» desta liña de actuación non valoraba, de xeito prioritario, a categoría da acción comunitaria executada, a valoración fundamental era o *aumento da capacidade organizativa e de actuación que a comunidade acadaba durante o desenvolvemento da mesma*. A metodoloxía empregada era sinxela. Os axentes de EA convocaban os veciños dunha parroquia ou lugar a unha reunión na que, despois de expoñer a nova liña de traballo, convidaban aos asistentes a que manifestasen aqueles problemas que afectaban a súa calidade de vida. Os problemas eran apuntados e sometíanse a debate para seleccionar aquel que fose máis sentido polos asistentes.

Nesa mesma reunión, escollíase o *Grupo Iniciador* que era encargado de analizar os custos e propor os diferentes xeitos de actuación para a súa solución. Realizado o seu cometido, a comunidade elixía a *Comisión*, que podía coincidir ou non coas persoas que formaran o grupo inicial. Esta metodoloxía de traballo permitía aos extensionistas descubrir os «líderes informais» da comunidade xa que os líderes formais: alcaldes, presidentes das «Hermadades de Labradores» etc. eran persoas non electas e moitas veces non contaban coa estimación dos labregos e labregas. Nas normas internas do SEA, recomendábase que se evitasen enfrontamentos coas autoridades e que estas fosen convidadas á festa do «ramo» para agradecerlles a súa colaboración. Cómpre destacar a grande axuda de moitos cregos rurais na organización das comunidades, moitas veces formaban parte do «grupoiniciador» e case nunca, por decisión propia, das comisións. Querían que o protagonismo fose dos veciños.

Como exemplo da importancia que ti vo esta liña de traballo, citarei o levado a cabo pola Axencia Comarcal da Cañiza: no período 1968/76 realizáronse 1400 accións comunitarias, das que 250 eran traídas de auga a domicilio noutros tantos lugares, organizáronse coa redacción das súas ordenanzas, 50 agrupacións de comunidades de montes veciñais en mancomún, fomentando neles a explotación da gandaría extensiva, promoveu a solicitude de 11 concentracións parcelarias, en colaboración co IRYDA, 980 accións de pequenos regadíos.

Ademais deste tipo de accións comunitarias, que ían destinadas a mellorar o benestar das comunidades rurais, tamén se desenvolvían outros proxectos que trataban de resolver problemas económicos e que para solucionarlos era necesario afrontalos de xeito colectivo.

No traballo coa comunidade rural xa mencionei as actividades realizadas polos «planteles de EA coa tarefa de empesa». Os extensionistas «descubrían» os líderes destes grupos que, xunto cos que xurdían das accións comunitarias, formaban o «grupoiniciador». Este grupo analizaba os problemas que tiñan as explotacións: abastecemento de

insumos, rendibilidade, uso de maquinaria no minifundio, industrias de transformación das producións para o consumo (adegas cooperativas, industrias lácteas, cárnicas, hortícolas...), comercialización das producións, explotacións comunitarias de terra e gando e intercooperativismo para favorecer as economías de escala.

Coido que o SEA en Galiza foi o promotor do cooperativismo democrático fronte ao impulsado pola «Obra Sindical de Cooperación» que o enquistaba nunha superestrutura estatal de corte fascista (Lei de Cooperativismo de 1942) que estivo vixente ata 1978, onde un novo «Regulamento» abría as portas a un cooperativismo participativo e libre de ataduras gubernamentais.

METODOLOXÍA EMPREGADA POLO SEA

As actividades desenvolvidas polo SEA eran a ferramenta de traballo empregada para que as agricultoras e agricultores puidesen acadar os obxectivos programados. Dividíanse en: *individuais* (visita á oficina, visita á explotación e correspondencia persoal); *de grupo* (reunión, demostración de método, demostración de resultados, cursos, visitas e viaxes colectivas); e *de masas* (follas divulgadoras, fichas técnicas, cartas circulares, campañas, prensa, radio e TV).

A Visita dos agricultores á oficina estaba moi analizada para evitar que houbose barreiras, entre agricultores e axentes de EA, que dificultasen a súa comunicación. Os locais das axencias comarcais, aínda que moitos deles tiñan limitacións de espazo, dividíanse nun despacho de entrada onde traballaban a auxiliar administrativa e un axente comarcal de EA. O agricultor era recibido e saudado polo axente para facilitarlle o diálogo e lograr que se sentise cómodo. Contaba ademais con dous despachos individuais, o do axente xefe da axencia e o do axente de ED. Tratábase de preservar a intimidade cando o motivo da visita así o requiría. Estas visitas permitían tamén organizar visitas á explotación e celebrar reunións familiares nas «casas» dos agricultores. Este último era un método custoso pero moi eficaz, e facilitaba a actitude das familias cara aos procesos de cambio.

A Reunión foi o método máis empregado para tratar todo o tipo de asuntos de interese xeral, de explotacións, familias, mocidade e imprescindible nos proxectos de desenvolvemento comunitario. Nos cursos

de formación déronnos normas para que unha reunión resultase de utilidade:

Saber que dicir, como dicilo, dicirlle aos agricultores o que hai que facer, as súas vantaxes e dificultades. Como facelo. Empregar o menor tempo posible. Gañar o auditorio, non contraíalo. Mirar o auditorio de fronte. Empregar a linguaxe dos agricultores. Non ser petulante. Citar exemplos locais. Empregar axudas audiovisuais que faciliten a comprensión. Cando se fan preguntas, repetilas para que todos se informen. Facer un resumo con motivación que incite á acción.

A Demostración de Método foi unha práctica das máis efectivas das empregadas polo SEA, aproveitaba o estímulo da imitación directa. Para que fosen máis efectivas, realizábanse cos medios dos que dispoñía o agricultor. A demostración de método sempre abordaba unha ensinanza dunha técnica agraria. Precisaba que previamente se escollese o lugar e o material que se ía utilizar. O axente levaba unha folla indicando os pasos para seguir, na maioría dos casos limitábase a dirixir a un dos asistentes, para que fose el o que a realizase. Empregouse moito en: horticultura para facer morteiros baixo túnel de polietileno, escornado das vacas, muxido mecánico, sementeira de pradarias artificiais, ensilado para a conservación das forraxes, emprego do ácido fórmico para mellorar os ensilados de herba mollada, manexo das máquinas agrícolas etc. As axentes de ED empregaban este método para ensinar a conservar e preparar os alimentos.

A Demostración de Resultado é un método de ensinanza que trata de levar a práctica un feito coñecido e xa probado, seguindo unhas técnicas innovadoras determinadas que permitan comparar os resultados acadados cos que se obtiñan habitualmente. Os extensionistas presentan e acordan cos participantes a maneira de avaliar que se vai seguir e os tempos en que se realizarán estas avaliacións.

Como xa se dixo, o comenzo da modernización da horticultura, no Baixo Miño, tivo a orixe nunha demostración de resultados levada a cabo polo «Plantel de Pancenteno» (O Rosal). Na DR empréganse moitos métodos: faladoiros de especialistas, DM, cursiños e visitas colectivas. É o método máis seguro para darlles confianza aos agricultores, de que son quen de guiar cos éxito os plans de mellora nas súas explotacións.

Os cursiños son a mellor ferramenta para capacitar a un grupo de agricultores e agricultoras, con intereses comúns e recursos semellantes, na solución dun problema sentido. Era un método moi intensivo, con máis ou menos duración no tempo. Moitos deles eran modulares e celebrábanse ao longo do ano. O seu programa era cuidadosamente planeado para permitir a colaboración de axentes especialistas en distintas actividades, xeralmente en faladoiros de contido técnico e DM de maquinaria agrícola.

O SEA durante moito tempo financiou os cursos con fondos do Padroado de Promoción do Traballo (PPT) e do Padroado de Igualdade de Oportunidades (PIO). Coas becas concedidas aos asistentes pagábanse as colaboracións dos profesores alleos ao SEA e financiábase unha viaxe colectiva ao rematar o curso.

As Viaxes colectivas sempre tiñan unha finalidade educativa relacionada con prácticas agrarias específicas. Eran meticulosamente planificadas. Contactábase coas persoas que nos ían atender, xeralmente axentes de EA, que facilitaban o encontro cos responsables das explotacións ou em presas que se prevían visitar. Conviña levar un megáfono para facilitar a audición das explicacións.

A cada participante entregábase lle un mapa programa detallando os lugares e horario das visitas. Esixíase puntualidade rigorosa. Como exemplo da eficacia deste método, podo dicir, con coñecemento de causa, que as estabulacións libres empezaron a construírse na maraña «oriental» despois dunha visita á comarca cántabra de Solares e á catalá da Seo de Urgel.

CONCLUSIÓNS

O SEA era un Organismo Autónomo do Ministerio de Agricultura creado no ano 1955. A función do SEA era: «Axudar os agricultores a que mellorasen o seu nivel de vida mediante o mellor aproveitamento dos seus recursos». Foi un servizo educativo.

Organizábase de forma descentralizada por rexións que practicamente coincidían coas CC.AA. actuais. Agás as CA uniprovinciais e Navarra, na que esta función era realizada polos servizos agrarios de Deputación Foral.

Contaba cos SS.CC. en Madrid, que garantían a coherencia de actuación en todo o Estado e encargábanse da formación e especialización das distintas escalas que compoñían o SEA. Esta formación levouse a cabo na parcela «El Encín» e na Escola Central de Capacitación Agraria de San Fernando de Henares (CENCA).

Os axentes de EA eran formados como especialistas en comunicación co fin de promover cambios de actitude nos agricultores mediante a súa participación activa na solución dos seus problemas.

Partíase dun feito certo: A agricultura fana os agricultores e agricultoras, se se pretenden cambios positivos no sector agrario, traballemos cos agricultores mediante a motivación e a capacitación para que estes se produzan. Digo traballar cos agricultores, non para os agricultores.

O traballo desenvolvido polo SEA en Galiza tivo moito recoñecemento tanto polos agricultores como pola sociedade rural en xeral.

O SEA foi transferido á CA en 1982. Desapareceu por omisión no ano 2002. Os agricultores ás Oficinas Agrarias Comarcais aínda lle seguen a chamar Axencias de Extensión Agraria.